

BASES
CONCURSO INFANTIL DE POSTAIS DO NADAL 2018
SCD ATLÁNTIDA DE MATAMÁ

CONVOCATORIA

A SCD Atlántida de Matamá convoca este concurso co obxectivo de premiar tres debuxos de postais do Nadal.

PARTICIPANTES E CATEGORÍAS

Poderán participar tódolos/as fillos/as beneficiarios/as de socios/as e aqueles/as que non o sexan, deberán ser residentes en Matamá, cunha idade máxima de 12 anos.

Establécense as seguintes categorías:

- CATEGORÍA A.- Ata os 4 anos
- CATEGORÍA B.- De 5 a 8 anos
- CATEGORÍA C.- De 9 a 12 anos

TEMA E TÉCNICA

A temática será exclusivamente do Nadal, sendo de libre elección a técnica a empregar (lapis, rotuladores, ceras, acuarelas, etc.) e serán realizados sobre un papel ou cartolina, de calquera cor, cunha dimensión de DIN-A5 (cuartilla)

PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS

Os traballos entregaranse nas oficinas da sede social, sita en Rúa Canteiros, nº 53 (36213 Vigo)

Os traballos deberán identificar claramente o/a socio/a no caso de non ser residentes en Matamá (nº socio/a, nome, apelidos, relación co/a menor e modo de contacto), e no suposto de ser residente, deberán poñer a súa dirección, modo de contacto, nome completo de pai e nai .

En ambos casos, do/a menor autor/a da postal, deberá figurar na mesma o seu nome e a categoría á que pertence.

PRAZO DE ENTREGA

Os traballos deberán ser remitidos como data límite antes do 23 de decembro.

XURADO

O xurado encargado de valorar e decidir sobre os traballos premiados estará formado por persoas coñecedoras da materia, (profesionais ou estudantes de Belas Artes ou estudos similares).

CRITERIOS DE VALORACIÓN

O xurado terá en conta os seguintes criterios para valorar os traballos presentados:

- Adaptación da técnica á idade do/a autor/a.
- O enxeño, a creatividade e a imaxinación.
- O esforzo, o traballo e a dedicación do/a participante.

PREMIOS

- Premios por Categorias A, B, C: consistirán nun obsequio acorde coa idade do/da neno/a.
- Premios por participación: Todos/as os/as nenos/as recibirán unha bolsa de “chucherías”.

EXPOSICIÓN DOS DEBUXOS E ENTREGA DE PREMIOS

Os traballos presentados ao concurso estarán expostos na cafetería da Sede do Centro Cultural, donde se fará entrega dos premios aos/as gañadores/as na tarde do día 30 de decembro. De non poder acudir ao acto, a Sociedade Cultural porase en contacto co/ca interesado/a a través do teléfono ou correo electrónico sinalado.

CESIÓN DE DEREITOS DE AUTOR

A SCD Atlántida de Matamá adquire os dereitos de reprodución e exposición das obras que se presentan.

PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Para os efectos do previsto no Art. 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais dos/das participantes serán incorporados a un ficheiro da Sociedade Cultural e Deportiva Atlántida de Matamá, para a correcta xestión do presente concurso, así como para fins históricos e de difusión ao público das actividades da Sociedade Cultural. Os datos persoais dos/das participantes relativos ao seu nome, apelidos, idade e parentesco con membros dos/das socios/as desta entidade serán difundidos ao público para o seu coñecemento.

Os/as afectados/as poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, mediante escrito dirixido á SCDA Atlántida de Matamá (Rúa Dos Canteiros, 53. 36213 Vigo).

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso implica a aceptación das presentes bases.

Matamá, 23 de novembro de 2018
César Casás González
Presidente